

CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Ante aproximidade do fin de curso 2020- 2021, infórmase ás familias do noso alumnado das seguintes cuestións:

1. Asistencia do alumnado e entrega de cualificacións

O alumnado asistirá ao Colexio **ata o próximo día 22, inclusive**, en horario habitual de 9:00 a 14:00 horas. **Os informes coas cualificacións finais entregaranse o día 22**, ao final da sesión lectiva.

2. Entrevistas de pais/nais co profesorado

Os/As pais/nais que desexen ter unha entrevista de final de curso co profesorado do Centro, poderán facelo **o día 23 de 09:30 a 11:30 horas** sempre con cita previa.

De acordo coa Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, **as nais e pais do alumnado de 6º curso** deberán acudir ao Centro, **o día 29 de 10:00 a 12:00 horas**, para retirar o Libro de Escolaridade e o Historial Académico dos seus fillos/as, asinando o recibín correspondente. Caso de non poder asistir nese día, deberán comunicarse co titor/a para establecer outra data.

3. Libros de texto

O listado de libros de texto para o curso escolar 2021-2022 está exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Colexio. Xunto cos informes coas cualificacións finais, enviarase unha relación dos libros que corresponden ao alumnado para dito curso.

4. Comedor Escolar

No próximo curso seguirá a funcionar o servizo de Comedor Escolar xestionado pola ANPA Milnen@s
A presentación de solicitudes farase a través da ANPA.

5. Comezo do próximo curso escolar

De acordo co establecido na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos, as clases darán comezo o **íxoves día 9 do vindeiro mes de setembro, en horario de 9'00 a 14 horas.**

O Colexio estará aberto a efectos administrativos a partir do luns, día 2 de setembro de 2021.

O alumnado de educación infantil de tres anos incorporárase segundo o período de adaptación .

Pregamos atención á web do centro onde se irán publicando as novidades derivadas desta situación sanitaria de cara ao comezo de curso.